

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VEDRA

Secretaría-Intervención

Formalización contrato persoal laboral fixo: Técnico/a de xestión cultural e actividades (OEP 2023)

ANUNCIO

Asunto: formalización de contrato persoal laboral fixo na praza de Técnico/a de Xestión Cultural e actividades.

Mediante Decreto de Alcaldía núm. 23/2025, do 14 de xaneiro, a alcaldía resolveu o seguinte:

“**Primeiro.-** De conformidade co establecido na Base Novena das bases que rexen a convocatoria, vista a proposta do Tribunal do proceso selectivo, e visto que o aspirante proposto acreditou posuír os requisitos esixidos nas Bases, acórdase declarar persoal laboral fixo do Concello de Vedra a seguinte persoa que superou o proceso selectivo convocado para a praza que se indica a continuación:

Apelidos e nome	NIF	Código RPT	Denominación das prazas	Grupo	Tipo de adscrición
Iván García García	***9358**	3001	Técnico Xestión Cultural e actividades	II	Definitiva

Segundo.- Requír á persoa antes relacionada para a formalización do contrato que deberá efectuarse no prazo máximo dun mes dende a sinatura do presente Decreto.

No caso de que a formalización do contrato laboral fixo se realice cunha persoa que viñese presentando servizos neste Concello como persoal laboral temporal ou indefinido, entenderase producida a novación deste último.

Terceiro.- Como establece a Base Décima das bases que rexen as convocatorias, as persoas que superando ou non o proceso selectivo e non resultaron contratadas, incluíranse nunha bolsa de traballo para cubrir vacantes temporais, de acordo coa relación proposta polo Tribunal coas persoas aspirantes que seguen á persoa seleccionada para a praza que se indica a continuación:

Relación complementaria no caso de producirse renuncias dos/as aspirantes propostos		
Apelidos e nome	NIF	Denominación das prazas
Rubén Villasenín Iglesias	***9697**	Técnico Xestión Cultural e actividades
Paula Cabaleiro Comesaña	***1119**	Técnico Xestión Cultural e actividades
Manuel Lago Graíño	***4347**	Técnico Xestión Cultural e actividades
Xabier García Mera	***9897**	Técnico Xestión Cultural e actividades

Cuarto.- Notificar esta resolución á persoa interesada e publicar o nomeamento efectuado no Boletín Oficial da Provincia.

Quinto.- Contra a presente Resolución da Alcaldía, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo de UN MES contado dende o día seguinte ao da recepción desta notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente no prazo de DOUS MESES, contado dende o día seguinte ao da recepción desta notificación, segundo o disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida interpor calquera outro recurso que se puidese estimar máis convinte ao seu dereito.”

Vedra, 14 de xaneiro de 2025

O Alcalde

Asdo. Carlos Martínez Carrillo

2025/199